

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-06-21 09:50:08.00) , ***419*** - RUBEN ARROXO FERNÁNDEZ (FECHA: 2024-06-21 09:09:21.00) , ***393*** - JUSTO DIAZ RODRIGUEZ (FECHA: 2024-06-20 14:25:08.00)
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: 7ZludL5joE4mrinBm7U

6/289 **APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DA PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE MEDIANTE LIBRE DESIGNACIÓN, Exp. Tecol: 2024/G004/000442.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa da Sección de Organización e Recursos Humanos, do 13 de xuño de 2024, conformada polo tenente de alcalde/sa delegado da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 13 de xuño de 2024, o tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica formula proposta para a provisión mediante libre designación do posto de xefe/a do Servizo de Medio Ambiente que se relaciona no anexo I.

SEGUNDO.- Dos antecedentes que constan no Servizo de Persoal, resulta que o posto se atopa vacante por finalización da situación de comisión de servizos do funcionario de carreira don Miguel Negral Fernández, sendo as súas características e requisitos específicos esixidos para o seu desempeño os que, así mesmo, se relacionan no anexo I.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De acordo co disposto no artigo 127.1 h) da Lei 7/82, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, corresponde a competencia para efectuar a convocatoria pública dos procedementos de provisión de postos de traballo mediante libre designación á Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- O artigo 80 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, así como o seu concordante artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, e o artigo 51 e seguintes do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado regulan os procedementos de provisión de postos de traballo, establecendo entre eles o procedemento de libre designación con convocatoria pública.

Pola súa parte, o artigo 38.2 do Real decreto 3654/1995 anteriormente mencionado establece que estas convocatorias se publicarán no Boletín Oficial do Estado, estimando necesario para garantir a súa adecuada difusión e coñecemento polos/as posibles interesados/as no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ao estar aberto a todas as administracións públicas.

TERCEIRO.- A relación de postos de traballo do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1012199251678882864.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-6-2024

extraordinaria celebrada o 27 de maio de 2020, publicado no BOP de Lugo nº 122, do 29 de maio, con efectos dende o 1 de xuño de 2020, e corrección do anuncio publicado no BOP de Lugo nº 129, do 6 de xuño de 2020, establece os postos que deben ser cubertos por libre designación, entre os que se atopa o que é obxecto desta convocatoria:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	DOT	TP	FP	GRUPO	CD	ST
25/208	XEFE/A SERVIZO	AX/AE	TEC.	1	S	LD	A1	29	Admón. xeral/ Admón. especial

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Efectuar a convocatoria e aprobar as bases e efectuar a convocatoria para prover o posto de traballo de xefe/a do Servizo de Medio Ambiente do Excmo. Concello de Lugo por libre designación de acordo coas seguintes bases:

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.

Primeira.- Poderán participar no proceso e solicitar o posto de traballo convocado os/as funcionarios/as públicos de calquera Administración pública que reúnan os requisitos establecidos para o seu desempeño relacionados no anexo I desta convocatoria.

Segunda.- As persoas interesadas cursaránlle a súa solicitude segundo o modelo de instancia que figura no anexo II ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.

Terceira.- As solicitudes poderán presentarse, dentro do prazo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado, no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou por calquera dos lugares e formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarta.- Ademais dos datos consignados no modelo de solicitude, as persoas aspirantes acompañarán a esta o seu *curriculum vitae*, no que figuren títulos académicos, anos de servizo, postos de traballo desempeñados na Administración, estudos, cursos realizados e outros méritos que estimen oportunos poñer de manifesto. Así mesmo, farán constar detalladamente as características do posto de traballo que viñeran desempeñando.

Quinta.- O posto convocado poderá ser declarado deserto.

Sexta.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderase interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e un extracto no Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado.

ANEXO I

CONVOCATORIA DE POSTO DE TRABAJO POR LIBRE DESIGNACIÓN

POSTO DE TRABAJO	NÚMERO DE POSTO	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO (12 PAGAS)	CÓDIGO POSTO	GRUPO	OBSERVACIÓNS	ESCALA E REQUISITOS
Xefe/Xefa de servizo de Medio Ambiente	1	29	19.439,52 (mais 2 pagas extraordinarias)	€25/208	A1	Aberto a todas as administracións públicas	Admón. xeral Admón. especial (enxeñeiro superior, biólogo, grao en ciencias ambientais, veterinario, farmacéutico)

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1012199251678882864.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-6-2024

ANEXO II**CONCELLO DE LUGO****DATOS PERSOAIS:**

Primeiro apelido		Segundo apelido:		Nome:	
DNI:	Corpo ou escala:			Grupo:	
Domicilio:		Localidade:		Provincia:	Teléfono:

DESTINO ACTUAL:

Administración:		Centro, departamento ou servizo		Localidade:	
Posto:		Nivel:	Complemento específico:	Situación	

SOLICITA: Ser admitido á convocatoria pública para prover un posto de traballo polo sistema de libre designación, anunciado no Boletín Oficial do Estado do _____, para o posto de traballo seguinte:

Designación do posto de traballo	Código do posto

Xúntase currículo _____, de _____ de 20 _____
(sinatura do interesado)

ILMO. TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS